

HOTEL EUROPA

[Danis Tanovic, 2016]

198

ESTREA EN NUMAX: 03.02.2017 | V.O.S.E. | +12

Smrt u Sarajevu (2016, 85')

Dirección: Danis Tanovic

Guión: Danis Tanovic, Bernard-Henri Lévy (obra de teatro *Hotel Europa*)

Elenco: Jacques Weber, Snezana Markovic, Izudin Bajrovic, Snezana Vidovic

Son: Matthieu Choux

Música: Mirza Tahirovic

Montaxe: Luke Franco Ciarrocchi

Fotografía: Erol Zubcevi

Produtora: Margo Cinema (Francia), SCCA / pro.ba (Bosnia e Herzegovina)

Distribuidora: Beta Pictures

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Bosnio, Francés, Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Tigers, 2014

La mujer del chatarrero, 2013

Cirkus Columbia, 2010

Triage, 2009

El infierno 2005, 2005

En tierra de nadie, 2001

PREMIOS E FESTIVALS

Berlín 2016 (Gran Premio do Xurado e Premio FIPRESCI)

SINOPSE

O importante hotel Europa de Sarajevo vai recibir unha visita no centenario do asasinato do arquiduque Francisco Fernando, atentado que desencadeou a Primeira Guerra Mundial. Mentres o gardián espera a Jacques, un convidado francés, nas coziñas os traballadores preparan unha folga porque levan meses sen cobrar.

«Un drama coral habilmente modulado que tamén é un dos resumos máis claros e valentes do paralizado conflito bosnio»

Jay Weissberg, VARIETY



HOTEL EUROPA

[Danis Tanovic, 2016]

“É importante amosar qué divide á xente e qué a une”

Entrevista a Danis Tanovic

Por Sean Gallen

A idea inicial para esta historia comezou coa obra de teatro de Bernard-Henry Lévy. Podes contar como chegaches a ela e como elaboraches o guión?

A primeira idea foi facer un documental, pero o texto enteiro transcorría nun cuarto coa preparación dun discurso de 90 minutos, non era moi interesante, así que o deixei e volví sobre el coa idea de desenvolver o texto por min propio e amosar as realidades que o arrodeaban. Gústame pensar na peza teatral e o filme como complementarios e xogo coa idea de presentalos xuntos.

Desfrutamos do feito de que o elenco funcione como un grupo no filme. Esta idea formaba parte do concepto inicial?

Non hai personaxe principal; non quixen centrarme no personaxe de Jacques Weber. Precisaba de diferentes niveis e capas para contar esta historia. É importante amosar diferentes perspectivas, amosar qué divide á xente e qué a une. Hai varios grupos: a mafia na base, protexendo secretamente o hotel, os traballadores na cociña preparando a revolta.

Hotel Europa analiza abertamente a política e a historia en Bosnia e hai unha sensación fonda de trauma permanente. Pensas que se estende á sociedade bosnia de hoxe?

Benvido ao meu mundo. O problema co meu país é que ninguén gañou. Todos tratan de probar que eran os bos, o cal é un problema gordo porque dese xeito a nosa historia nunca acaba de quedar definida. Mira os Oscars, *O fillo de Saúl* (László Nemes, 2015) está nominado pero se vas a Hungría a xente aínda nega o Holocausto. Cada sociedade ten os seus traumas e culpabilidades, o que provoca revisionismo e bloquéanos para traballar construíndo e mellorando. Vivimos no século XXI e aínda hai xente vivindo en Saraxevo sen auga. Ola!? Estamos enviando robots a Marte pero aínda seguimos atascados discutindo o que pasou hai 100 anos. Era o Príncipe Gavrilo un terrorista, loitaba pola liberdade ou era un nacionalista serbio? Á xente interésalle máis isto que os temas importantes. Non son contos vellos, son as novas xeracións, o que dá vergoña, posto que serán as máis afectadas polo baleiro de perspectivas futuras. Hoxe en Europa falta amor, e sei

que pode parecer cursi. Cando entregamos amor podemos tender pontes. Ela e eu (apunta á xornalista serbia) éramos do mesmo país e agora temos que odiarnos. Isto afecta a todo. Que debería sentir sobre Nikolai Tesla? Debería cuestionar as teorías de Einstein porque era xudeu? Este medo acaba coa xente, e non só no meu país, senón en toda Europa. Exceptuando se cadra Islandia, son os únicos que tiveron sentido para botar os seus banqueiros. A desigualdade medra cada día. Bosnia nunca foi tan rica, pero hai xente pasando apuros, pobre e desempregada e iso sucede en toda Europa. A poboación diminúe, debería haber un mellor reparto da riqueza, pero non o vexo. Isto non é sostíbel, teremos que reiniciar todo, e axiña vai suceder.

No 2008 adquiriches un papel máis activo na política, no partido Nasa Stranka. Podes falar un chisco diso?

Aprendín cousas que nunca aprendería no cinema. Como director debes buscar experiencias noutros campos. O noso sistema político é tan confuso que se queres facer como nun país «normal», como Alemaña ou Francia nunha semana móntase unha guerra. Estiven dous anos e deixei de facer filmes. Quería estar ao cen por cen comprometido na construción dun partido. Non quería ser político, quería ser unha voz da cidadanía. Facer preguntas é sempre un bo comezo. Conseguín cousas das que me enorgullezo, pero non me abundou. Cada vez que trataba de cambiar algo ou abordar algún problema era como falarlle a unha parede. Non me respondían. Así que volví ao cinema. Nos meus filmes falo do que a xente pensa e di de portas para dentro pero non se atreve a dicir en alto.

Pensas que Hotel Europa excluírá a quen descoñeza a historia de Bosnia?

Eu sempre teño en mente un determinado público cando fago un filme. Fixen *Cirkus Columbia* para meus pais porque sei que adoran os filmes italianos e a min encántame o neorrealismo, así que tratei de facer un filme bosnio neorrealista. Fíxeno para eles e quixen dicirlles «estades fodidos, este era un país maravilloso pero a vosa xeración fastidiou e matastes á nosa xeración». Fixen *Iron Picker* porque non podía crer que a mesma xente que protexera a súa veciñanza dos francotiradores nos anos 90 estivesen deixando aos seus veciños xitanos morrer por algo tan ruín como o diñeiro. Fixen *Hotel Europa* para a xente de Saraxevo. Fíxeno para a miña veciñanza. Bosnia é o país máis fermoso, e quero que iso sexa así. Construír un futuro mellor, ter esperanza.

Publicado en theupcoming.co.uk
Tradución de Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

La repetición, Ivica Djikic. Sajalín, 2016
Sarajevo, Alfonso Armada. Malpaso, 2015

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME